



<https://www.usc.gal/gl/estudos/gaos/ciencias-sociais-xuridicas/grao-empresa-tecnoloxia-2a-edicion-presencial>



Grao en Empresa e Tecnoloxía



www.usc.gal



Empresa e Tecnoloxía

O Grao en Empresa e Tecnoloxía combina coñecementos en administración e dirección de empresas e en tecnoloxía, de tal xeito que o alumnado comprenda que a xestión empresarial está ligada a unha realidade marcada polos procesos e servizos dixitais. Este grao prepara profesionais capaces de afrontar os cambios tecnolóxicos que se están producindo no ámbito empresarial.

Tipo Presencial e virtual

Área Ciencias Sociais e Xurídicas

Centro Facultade de Administración e Dirección de Empresas

Avda. Alfonso X O Sabio, s/n
27002 Lugo
ade.decanato@usc.es

Campus Lugo

+info <https://www.usc.gal/gl/estudos/graos/ciencias-sociais-xuridicas/grao-empresa-tecnoloxia-2a-edicion-presencial>

Presentación

Interuniversitario: Non
Duración: 4 anos
Prezos públicos

Número de prazas: 45 en presencial e 10 en virtual

Data de inicio: Setembro

Plan de estudos

A titulación está distribuída en catro cursos, cun total de 240 créditos que están formados por 60 créditos de formación básica, 120 de materias obrigatorias e 40,5 créditos optativos. Conta con dúas mencións: Xestión da información e a tecnoloxía, e Desenvolvemento empresarial e emprendemento.

Mobidade e prácticas

Son numerosos as universidades tanto nacionais como estranxeiras nas que os alumnos do Grao en Empresa e Tecnoloxía poden realizar parte dos seus estudos a través dos programas de mobidade. O Servizo de Relacións Exteriores xestiona estes programas, tanto os de carácter nacional (SICUE), como os europeos (ERASMUS) e extracomunitarios (intercambios con países de América Latina ou países de fala inglesa). O “Regulamento de intercambios interuniversitarios” é a normativa que articula o seu desenvolvemento.

As Prácticas externas en empresas e institución teñen unha duración de 300 horas correspondentes a 12 créditos obrigatorios. Son numerosos os convenios asinados con empresas e institucións para o desenvolvemento destas prácticas; estes convenios permiten ofertar un elevado número de prazas que facilitan aos estudantes seleccionados a súa posterior integración no ámbito laboral.

Saídas profesionais

- Director executivo (CEO). Xestionar unha empresa e analizar as estratexias da organización aplicando as novas tecnoloxías.
- Director de márketing e comunicación dixital. Dirixir o departamento de márketing e a creación e execución do Plan de Márketing Dixital.
- Consultor de e-business e TIC. Asesorar e prestar apoio ás empresas no ámbito dixital.
- Director tecnolóxico da empresa. Analizar as mellores estratexias para introducir solucións tecnolóxicas innovadoras na empresa.
- Responsable de innovación e xeración de novos modelos de negocio. Impulsar unha cultura empresarial innovadora implantando novas maneiras de facer as cousas.
- Xestor de proxectos. Liderar equipos orientados ao deseño de proxectos innovadores.
- Analista de intelixencia de negocios. Analizar os datos para dar soporte á toma de decisións empresariais.
- Director de outras áreas funcionais da empresa: RRHH., Comercio internacional, Finanzas, Contabilidade...

